

Programación *Pastoral* Curso 2013-2014



Lumen Fidei



Liñas de acción

Equipo pastoral 2012-2013

1. En continuidade co “Ano da fe”

A celebración do “Ano da fe”, convocado polo Papa Benedito XVI, orientou noso camiñar como Igrexa ao longo do último curso pastoral. Nel, puidemos constatar as riquezas das nosas comunidades cristiás, parroquiais, arciprestais e diocesanas; pero así mesmo que urxente é tamén para nosas propias persoas, sacerdotes, segres e consagrados, vivir a nosa fe con maior conciencia e alegría.

Ante este desafío, antigo e á vez presente, como redescubrimos novamente, estamos chamados a continuar o esforzo por comprender mellor o significado da fe que recibimos, por coñecela, profesala e permitir que renove a nosa existencia.

A iso convidáanos, por outra banda, a publicación da encíclica *Lumen Fidei* polo Papa Francisco; así como a súa petición de vivir con sinxeleza e claridade o Evanxeo no medio do noso mundo, e especialmente nas “periferias” existenciais, alí onde faltan os bens materiais ou espirituais máis necesarios.

A primeira tarefa será, pois, **non presupor “a fe como algo descontado”**, que non necesitaría ser “alimentada e robustecida”, para que poida enriquecer “a existencia humana en todas as súas dimensións” (*Lumen Fidei* 6).

Para iso, agradeceremos sempre en primeiro lugar este gran don de Deus e, por tanto, non esqueceremos como a nosa fe “está vinculada ao relato concreto da nosa vida, ao recordo agradecido dos beneficios de Deus” (LF 12). Así, cando miremos á nosa historia, e nela, ás nosas familias, escolas, parroquias, amigos, etc., poderemos ver de cantos modos Deus estaba a actuar concretamente no noso camiño, dándonos a esperanza na súa misericordia, en que nos coidaría como Pai até o final.

Non dar por suposto a fe, valorar a súa capacidade de iluminar e renovar a nosa vida, coincidirá, pois, con apreciar e coidar con agarimo a nosa relación coa Igrexa, que é a forma histórica en que nos unimos persoalmente con Cristo e, nel, con Deus. “A Igrexa é unha Nai que nos ensina a falar a linguaxe da fe” (LF 38).

2. Unha comunidade unida na fe e na Eucaristía

Para que a fe sexa un principio de vida nova, que ilumine a nosa existencia, a nosa historia e o noso pobo, resulta esencial que non nos quedemos sós. “É imposible crer cada un pola súa conta” (LF 41).

De feito, o primeiro paso da fe é o bautismo, celebrado na nosa parroquia, polo que entramos a formar parte da gran familia do Señor. Polo bautismo recibimos “unha doutrina que profesar e unha forma concreta de vivir, que implica a toda a persoa e pona no camiño do ben.” Somos transferidos “a un ámbito novo, colocados nun novo ambiente, cunha forma nova de actuar en común, na Igrexa” (LF 41).

Pero a natureza propia da fe alcanza a súa máxima expresión na Eucaristía, “que é o precioso alimento para a fe, o encontro con Cristo presente realmente co acto supremo de amor, o don de si mesmo, que xera vida” (LF 44).

Por iso, a primeira liña de acción será coidar e promover a comunidade eclesial máis próxima, nacida do bautismo e que alcanza a súa forma plena na Eucaristía.

Este curso temos que crecer na conciencia de que somos cristiáns como comunidade concreta, que significa acompañamento cren-te e amigo nas diferentes circunstancias da vida e que se realiza como comunión eucarística, ante todo no domingo, día da resurrección do Señor.

É importante **comprender a urxencia desta unidade fraterna, fundada en Cristo**, para que se alimente e robusteza a nosa fe. Vivir esta “unidade” é necesario para todo cristián, e pediranos sempre o esforzo de coidala, independentemente do grandes ou pequenas que sexan as nosas comunidades parroquiais. En todas é posible sufrir o abandono ou a soidade, ou vivir no anonimato. Pertencer e participar na vida e liturxia da Igrexa é necesario para todos.

Isto esixirá que sigamos **dando pasos este curso para facer posible esta dinárnica de unidade, tendo en conta especialmente as circunstancias do noso mundo rural**. Temos que facer posible un acompañamento real nos nosos pobos, aínda afastados ou pequenos, e ao mesmo tempo unha celebración eucarística dominical en lugares escollidos aos que todos poidan acudir —e onde poderán ter lugar tamén outras actividades, catequéticas, caritativas ou culturais, necesarias tamén para a educación e a vida da fe.

Para a plena constitución da comunidade cristiá, que celebra a Eucaristía, é necesaria a presenza do sacerdocio ordenado. Por iso, neste contexto, queredría propor a todas as parroquias, na medida das súas posibilidades, que ofrecesen aos propios fieis a **axuda dunha bolsa** para que algún neno ou mozo puidese estudar no noso Seminario. Pois, dada a actual situación de crise, ben puidese ser que algún deixase de ir ao Seminario por razóns económicas. Con esta acción, por outra banda, lembrariamos máis vivamente en toda a Diocese a urxencia de pedir ao Señor que envíe obreiros á súa mies, así como a grandeza do don da vocación e a misión sacerdotal.

Como parte do “Ano da fe” convirá igualmente continuar impulsando, animando e acompañando nos diversos arceprebados os lugares e momentos de encontro e reflexión sobre o Credo, **as “escolas” que comezaron este curso**. A nosa fe necesita sen dúbida o enriquecemento destes ámbitos de diálogo e de formación, que serán de axuda para segres e tamén sacerdotes, e, en realidade, para a propia comunidade cristiá e a súa capacidade de vivir e comunicar a fe.

3. A pastoral familiar como prioridade

“O primeiro ámbito que a fe ilumina na cidade dos homes é a familia. Penso sobre todo no matrimonio. como unión estable dun home e unha muller: nace do seu amor, signo e presenza do amor de Deus, do recoñecemento e a aceptación da bondade da diferenciación sexual, que permite aos cónxuxes unirse nunha soa carne (cf. Xn 2, 24) e ser capaces de procrear unha vida nova” (LF 52). “A fe, ademais, axuda a captar en toda a súa profundidade e riqueza a xeración dos fillos, porque fai recoñecer nela o amor creador que nos dá e confíanos o misterio dunha nova persoa” (LF 52).

A familia será, por ranto, unha segunda liña prioritaria de acción pastoral. Sen ela, a fe cristiá faise moito menos crible, pois falta o ámbito primeiro en que esta fe debería manifestar a súa verdade e a súa forza renovando a vida concreta dos homes.

Neste sentido, procuremos aproveitar os recursos que pon a disposición de todos a nosa Delegación de Pastoral familiar.

Poderá ser moi importante acoller nas nosas parroquias, na medida do posible, a proposta dunha **“Xornada da familia”**, xa moi ben preparada pola Delegación. Pois todo o que podamos sementar para espertar a fe e unir entre si aos matrimonios e familias cristiás, será esforzo moi ben empregado.

O noso Centro de Orientación Familiar (COF), por outra banda, permítenos xa ofrecer unha **axuda concreta e profesional**, en perspectiva plenamente cristiá, aos matrimonios ou familias con problemas.

Convén tamén que aproveitemos a súa oferta de **encontros de “formación afectivo-sexual”** para os nosos mozos, nas nosas parroquias, en colexios, etc. Pois hai que repetir, de novo, que é moi difícil que a fe pareza crible e atractiva, cando non ilumina e enriquece as relacións humanas fundamentais. E isto é vivido así moi especialmente polos nosos mozos, que se abren a estas cuestións fundamentais.

Comezamos, en particular, este ano unha importante iniciativa: un **“curso de formación en matrimonio e familia”**, que se celebrará en Silleda algúns sábados ao ano, cos mellores profesores de varias universidades e coa participación de todas as dioceses de Galicia. É unha ocasión excelente, para reavivar o ánimo de todos os implicados na pastoral familiar —en primeiro lugar, os sacerdotes mesmos— ou interesados nela, facilitando un lugar de formación e ao mesmo tempo, de encontro, diálogo e colaboración. Considerando o esencial que resulta a realidade do matrimonio e da familia, esforcémonos en aproveitar nós e facer posible o bo froito desta iniciativa.

4. Caritas Diocesana

“Asimilada e profundada na familia, a fe ilumina todas as relacións sociais ... expándese nun camiño fraterno” (LF 54). Pois “as mans da fe álzanse ao ceo, pero á vez edifican, na caridade, unha

cidade construída sobre relacións que teñen como fundamento o amor de Deus” (LF 51).

En concreto, “a luz da fe non nos leva a esquecernos dos sufrimentos do mundo. Cantos homes e mulleres de fe recibiron luz das persoas que sofren! San Francisco de Asís, do leproso; a Beata Madre Teresa de Calcuta, dos seus pobres. Captaron o misterio que se esconde neles” (LF 57).

Esta experiencia crente forma parte tamén do noso camiño como Igrexa en Lugo de moitas maneiras. Neste curso, no ano 2014, **celebraremos, en particular, os cincuenta anos de existencia da nosa Cáritas diocesana.**

Será unha ocasión para que verifiquemos unha vez máis que a fe vive pola caridade, que se expresa en todas as relacións humanas, pero sobre todo ante quen sofre.

Procuremos este curso prestar unha atención especial ás necesidades presentes nas nosas parroquias e comunidades. Tocando as chagas do próximo, descubriremos mellor ao Deus vivo, como nos ensina o noso Papa Francisco.

Coidemos particularmente as nosas Caritas, os seus centros e as súas actividades, pero sobre todo aos seus membros aos fieis que son voluntarios e a quen traballan neles. Quen acode a Caritas ha de atopar sempre a mirada da fe e da esperanza, xunto con toda a axuda material posible en cada caso. Por iso, é certamente imprescindible a organización dos nosos esforzos; pero non é menos necesaria a fe, a esperanza e a caridade nos membros de Cáritas.

Procuremos, pois, **organizar este servizo nas nosas comunidades**, para que sexan un lugar de acollida real do necesitado. Pero **organicemos tamén o coidado da fe de quen se entrega a esta tarefa**; pois é algo que non pode nunca darse por descontado, senón que necesita “alimentarse e robustecerse”.

E demos grazas a Deus por estes cincuenta anos de presenza de Caritas na nosa Diocese; así como polos incontables xestos de caridade real e activa que fecundan á Igrexa desde sempre, moitas veces no silencio e a discreción máis grandes.

Alegrémonos de poder ver en Cáritas un signo palpable no medio do mundo da realidade máis grande, da fe e do amor con que tantos entregaron a súa vida como discípulos sinxelos daquel que nos permitiu recoñecer e crer no Amor, Xesucristo o noso Señor.

5. Conclusión

“A unidade da Igrexa, no tempo e no espazo, está ligada á unidade da fe: *Un só corpo e un só espírito [...] unha soa fe*” (LF 47).

“Na comunión do único suxeito que é a Igrexa, recibimos unha mirada común. Confesando a mesma fe, apoiámonos sobre a mesma roca, somos transformados polo mesmo Espírito de amor, irradiamos unha única luz” (LF 47).

Por iso, encomendamos as tarefas deste novo curso pastoral á santísima Virxe María, “nai da Igrexa e nai da nosa fe” (LF 61). A ela pedímoslle que interceda por todos nós e axúdenos a “mirar cos ollos de Xesús, para que el sexa luz nos nosos camiños” (LF 61), a crer no seu amor e a sementar coa nosa fe a alegría da Resurrección.

+ *Alfonso, hijo de
Dios*